

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DE LIXO

Artigo 1. Fundamento e natureza

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a Taxa por recollida e tratamento de lixo, que se rexera pola presente Ordenanza fiscal, que atende ó previsto no artigo 58 da citada Lei 39/1988.

Artigo 2. Feito imponible

1. Constitúe o feito imponible da taxa a prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de recollida e tratamento de lixos domiciliarios e residuos sólidos urbanos de vivendas, aloxamentos e locais ou establecementos onde se exerzan actividades industriais, comerciais, profesionais, artísticas e de servizos.
2. Terán a consideración de lixo domiciliario e residuos sólidos urbanos os restos e desperdicios de alimentación ou detritos procedentes da limpeza normal de locais e vivendas e exclúense de tal concepto os residuos de tipo industrial, entullos de obras, detritos humanos, materias e materiais contaminados, corrosivos, perigosos ou que a súa recollida ou vertido esixa a adopción de especiais medidas hixiénicas ou de seguridade.
3. Entenderase de recepción obrigatoria o servizo prestado a tódalas vivendas e establecementos comerciais, industriais, profesionais ou de outros usos que estean en condicións de habitabilidade ou utilización con independencia de que estean ou non habitados ou utilizados. Presumirase a utilización do servizo cando exista a posibilidade de habitar a vivenda ou usar o local por contar con calquera dos servizos de abastecemento de auga, suministro de enerxía eléctrica ou rede de sumidoiros.

Artigo 3. Suxeito Pasivo

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, que ocupen ou utilicen as vivendas ou locais ubicados nos lugares, prazas, rúas ou vías públicas nos que se preste o servizo, xa sexa a título de propietario ou de usufrutuario, habitacionista, arrendatario ou incluso de precario.
2. Terá a consideración de suxeito pasivo substituídos do contribuínte o propietario das vivendas ou locais, que poderá repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os usuarios daquelas, beneficiarios do servizo.

Artigo 4. Responsables

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas ou xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.
2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5. Beneficios fiscais

Soamente se admitirán nesta Taxa as exención e bonificacións que veñan establecidas en Tratados e Acordos Internacionais ou en normas con rango de Lei.

Artigo 6. Cota Tributaria

Establécese o seguinte cadro de tarifas:

Zona Urbana	€ / ano
1.1.1. Vivendas con valor catastral igual ou inferior a 30.000 euros no caso de que constitúan residencia habitual ou permanente de unidades familiares nas que os ingresos non rebasen o salario mínimo interprofesional:	42,13
1.1.2. Vivendas que constitúan residencia habitual ou permanente de persoas beneficiarias da Renda de Inserción Social de Galicia- Risga	7,01
1.1.3. Resto de vivendas	84,25
1.2. Despachos profesionais	211,06
1.3. Cafeterías, bares, discotecas, pensións e semellantes	339,97
1.4. Establecementos comerciais de ata 300 m ²	211,06
1.5. Establecementos comerciais de 301 m ² a 750 m ²	339,97
1.6. Establecementos comerciais de 751 m ² a 1.000 m ²	548,71
1.7. Establecementos comerciais de 1.001 m ² a 1.500 m ²	1097,57
1.8. Establecementos comerciais de máis de 1.501 m ²	1645,98
1.9. Entidades financeiras	548,71
1.10. Industrias e talleres de ata 200 m ²	211,06
1.11. Industrias e talleres de 201 m ² a 750 m ²	339,97
1.12. Industrias e talleres de 751 m ² a 1.500 m ²	548,71
1.13. Industrias e talleres de máis de 1.500 m ²	822,56
1.14. Establecementos non incluídos nos apartados anteriores	211,06

Zona Rural	€
2.1.1. Vivendas con valor catastral igual ou infeior a 30.000 euros no caso de que constituan residencia habitual ou permanente de unidades familiares nas que os ingresos non rebasen o salario mínimo interprofesional	17,00
2.1.2. Vivendas que constituan residencia habitual ou permante de persoas beneficiarias da Renda de Inserción Social de Galicia- Risga	7,23
2.1.3. Resto de vivendas	34,04
2.2. Actividades comerciais e industriais de 4 a 10 obreiros	102,84
2.3. Actividades comerciais e industriais de máis de 10 obreiros	204,12
2.4. Establecementos non incluídos nos apartados anteriores	51,04

As cotas tributarias que corresponde percibir por este concepto esixiranse, respecto da zona urbana, bimensualmente e, respecto da zona rural, semestralmente, e de conformidade co Regulamento Xeral de Recadación.

Para os efectos da aplicación deste artigo, considerarase como zona urbana aquela onde o servizo se presta con carácter habitual os días laborables, e como zona rural aquela onde exista un contedor de lixo nun radio de cen metros contados a partir de calquera punto do inmovible da vivenda ou no que se desenvolva a actividade.

Para a fixación da base do gravame, a superficie dos locais comprenderá a totalidade do local afecta a actividade, sen que proceda a exclusión de ningunha dependencia ou habitación por razón do seu uso específico.

No caso de realización de dous ou máis feitos impoñibles nunha mesma vivenda ou local, entenderase que é obxecto de tributación ó que corresponda á tarifa de maior contía.

Artigo 7. Devengo

1. O devengo ou obriga de contribuír prodúcese cando se inicie a prestación do servizo. No suposto de recollida diaria de lixo domiciliario, a obriga de contribuír existe dende o momento en que se presta o servizo na zona na que se sitúa a vivenda ou establecemento, entendéndose que o servizo está establecido cando haxa un contedor de lixo nun radio de cen metros contados a partir de calquera punto do inmovible da vivenda ou no que se desenvolva a actividade.
2. Establecido e en funcionamento o nomeado servizo, as cotas devengaranse o primeiro día do período que sinala a tarifa da Taxa, ou no seu caso, na data que se realice o feito impoñible.

Artigo 8. Declaración e liquidación

1. A Taxa liquidarase cando se presente a solicitude de alta no padrón correspondente.
2. Se utiliza o servizo sen mediar solicitude darase de alta de oficio no padrón, liquidarase e

notificarase a mesma ós interesados sen prexuízo da apertura do correspondente expediente sancionador por infracción tributaria.

3. Unha vez producida a alta no correspondente padrón a liquidación desta Taxa acomodarse ó procedemento previsto para os valores recibo (padrón, censo, matrícula etc.).

Artigo 9. Ingreso

1. As cotas desta Taxa liquidaranse e esixiranse no momento de presentarse a solicitude, por períodos non declarados, producíndose a alta no correspondente padrón.
2. Unha vez producida a alta, a Taxa exaccionarase por padrón esixíndose o importe da mesma no prazo que sinale a tarifa da Taxa, ou ben no que determine o Alcalde-Presidente ou a Comisión de Goberno, nos prazos previstos no artigo 20 do R.G. de Recadación ou no que sinale a Alcaldía-Presidencia.
3. O ingreso efectuarase na Tesourería Municipal ou no lugar que determine o Alcalde-Presidente ou a Comisión de Goberno.

Artigo 10. Infraccións e sancións

En todo o relativo a cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Primeira. Declaración de alta

Os suxeitos pasivos substituídos do contribuínte formularán as declaracións de alta nos censos ou padróns da Taxa e surtirán efectos tributarios no mesmo momento de presentarse a declaración, podendo prorratearse, no seu caso, por meses.

Segunda. Declaración de baixa

Os suxeitos pasivos substituídos do contribuínte formularán as declaracións de baixa no censo ou padrón da Taxa e surtirán efectos no período natural seguinte ó de presentación da mesma podendo, no seu caso, prorratearse por meses.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

O cobramento da taxa polos servicios prestados entre a data de entrada en vigor do acordo modificadorio da presente Ordenanza e o 31 de decembro de 2000 realizarase mediante un único recibo por contribuínte, polo importe prorrateado que corresponda.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente modificación, aprobada por acordo plenario do 5 de outubro de 2007, entrará en vigor e comezará a aplicarse a partir do 1 de Xaneiro de 2008 e rexerá ata a súa modificación ou derogación expresas.

	Acordo	Publicación
Aprobación inicial	Pleno 19.10.1989	BOP 27.12.1989
Modificación	Pleno 07.05.1992	BOP 11.07.1992
Modificación	Pleno 30.12.1993	BOP 25.03.1994
Modificación	Pleno 11.08.2000	BOP 29.11.2000
Modificación	Pleno 01.09.2000	BOP 29.11.2000
Actualización cota	2002	2002
Actualización cota	Pleno 10.11.2003	BOP 26.12.2003
Modificación	Pleno 08.11.2004	BOP 26.12.2004
Modificación	Pleno 10.11.2005	BOP 16.11.2005
Modificación	Pleno 13.11.2006	BOP 30.12.2006
Modificación	Pleno 05.10.2007	BOP 11.12.2007